XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25

XACOBEO 2010 Galicia

# FICHA RESUMO

| | | |
|---|---|---|
| **Ano** | **2011** | **PE403A 2010/78-1** |
| **Entidade** | CONFRARÍA DA POBRA DO CARAMIÑAL | |
| **Plan explotación**[1] | MOLUSCOS BIVALVOS | |
| **Réxime** [2] | AUTORIZACIÓN | |
| **Modalidade** [3] | EMBARCACIÓN | |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*), ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*), ameixa babosa (*Venerupis pullastra*), berberecho (*Cerastoderma edule*), ameixa bicuda (*Venerupis aurea*), ameixa rubia (*Venerupis rhomboideus*) e carneiro (*Venus verrucosa*) |
| **Ambito do plan** | De punta Galduario a punta Peralto |
| **Subzonas de explotación** | Areal, Raposiños, Ínsuas da Ribeiriña |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| - | 95 | - |
| **Ampliación do número de permex** [4] | **Non** | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| - | - | - |

| **Calendario de explotación** | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 139 | | | | | | | | | | |
| **Época y zona probable de extracción** [5] | | | | | | | | | | | |
| **Modalidade**[3]**:** dende embarcación | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| X | | | | X | X | X | X | X | | | X |

| **Topes de captura** | | | |
|---|---|---|---|
| **Especies** | **A pé** | **Embarcación/día** | **Tripulante enrolado e a bordo/día** |
| Ameixa babosa | - | 20 kg | 10 kg |
| Ameixa fina | - | 6 kg | 3 kg |
| Berberecho | - | 20 kg | 10 kg |
| Ameixa xaponesa | - | 30 kg | 15 kg |
| Ameixa bicuda | - | 10 kg | 5 kg |
| Ameixa rubia | - | 40 kg | 20 kg |
| Carneiro | - | 10 kg | 5 kg |

| | |
|---|---|
| **Artes a empregar** | Rastros ou angazos, raños e ganchas, cunha separación mínima entre varillas de 17 mm |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Embarcacións "PLAYA DE RAPOSIÑOS" e "PUNTA CABÍO" |
| **Puntos de venda** | Lonxa da confraría da Pobra |

| **Accións a realizar** [7] | **Epocas probables** [8] | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas** | | | | | X | X | X | X | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |

| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Extracción semente para resembra** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Sementeiras** | | | | | X | X | X | X | | | | |
| Zonas: Areal, Raposiños, Ínsuas da Ribeiriña | | | | | | | | | | | | |
| Especies: Ameixa babosa, ameixa xaponesa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Traslados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpezas e arados** | | | | X | X | X | X | X | X | | | |
| Zonas: Areal, Raposiños, Ribeiriña | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Outros** | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| Extracción de depredadores | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións** (9)

**Participantes:** No plan presentado indican un total de 95 embarcacións, número coincidente cos datos desta Consellería do número total de embarcacións asociadas a esta confraría coa arte de marisqueo (Z3). Sen embargo, a relación de embarcacións anexa ao plan non é correcta, dado que inclúe a embarcación ……..que non dispón de marisqueo Z3 senón de libre marisqueo, e a embarcación …….. que ten o permiso de explotación denegado, polo que ambas deben ser excluídas deste plan. Ademais, non inclúen as embarcacións …….. que teñen o recurso de marisqueo Z3 e figuran asociadas á confraría de pescadores de Pobra do Caramiñal.

**Artes:** Apróbase o emprego do raño cunha separación de 17 mm ao ser máis restritivo que o establecido no Decreto 424/1993.

**Puntos de control:** Defínese a organización dos puntos de control nas zonas de extracción, nos que se rexistra o número de tripulantes, se revisan as embarcacións e se controlan os cupos e tallas. Toda a información quedará reflectida en fichas e, posteriormente, se contrastará cos datos de venda en lonxa. Os responsables do punto de control serán os vixiantes da confraría que, en ocasións, contarán coa axuda do Patrón maior da confraría e de membros da directiva.
Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: "*no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega".*

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos,

de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Traballos de limpeza:** A realización dos traballos de limpeza de macroalgas e retirada de depredadores (caracois e estrelas) previstos neste plan será obrigatoria para todos os membros da agrupación de mariscadores. A organización destas acción está ben definida aínda que non designan ás persoas responsables do control de asistencia. O calado das nasas para eliminación de depredadores requirirá a presentación dun proxecto ante a Consellería do Mar.

**Réxime sancionador**: O plan reflite que o incumprimento por parte dos tripulantes dos traballos de limpeza serán motivo de sanción. Así mesmo, reflicte que a inclusión no plan de explotación virá condicionada ao pago das cotas establecidas pola confraría. Ante esta norma, cabe indicar que primeiramente habería que iniciar o procedemento sancionador oportuno. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financieiro no que se recollan os gastos previstos na xestión deste plan.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Designar ás persoas responsables do control de asistencia aos traballos de limpeza.
- Xustificación da exclusión das embarcacións ……...